# ULTREIA

REVISTA DE POLÍTICA REXIONAL EUROPEA

NÚM.6 / DECEMBRO **2010**



# XURÉS

## NATUREZA, HISTORIA E FONDOS EUROPEOS

ENTREVISTA AO CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS / O FONDO SOCIAL EUROPEO APOIA A TERAPIA CON BURROS, NA QUE GALICIA É PIONEIRA / COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA PARA A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL / O TERMALISMO GALEGO SERÁ MÁIS COMPETITIVO GRAZAS AOS FONDOS FEDER / O PROXECTO EMEGA DALLE UN PULO AO EMPRENDEMENTO FEMININO / A INNOVACIÓN NO SECTOR LÁCTEO

XUNTA DE GALICIA

Porcentaxe de maiores de 65 anos dependentes cara ao 2030
(%)




*Source:* Eurostat (proj_08c2150rp).

A poboación de 65 anos ou máis dentro dos 27 países da Unión Europea, máis Noruega e Suiza, prevese que chegue a un 23,5% cara ao 2030, por riba de seis puntos máis que na actualidade (17,1%). Para entón espérase tamén que a proporción de dependencia dentro desa porcentaxe de persoas maiores pase do 25,4% actual a ser dun 38%.








**NATUREZA E HISTORIA FÚNDENSE NO XURÉS, PARQUE NATURAL QUE MOSTRA A BONANZA DA COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA E A RIQUEZA DA NOSA CONTORNA. OS FONDOS EUROPEOS AXUDAN A DARLLE VALOR COMO TAMÉN FAI O PROPIO COS NOSOS PRODUTOS. E AÍ O LEITE TEN MOITA IMPORTANCIA. INICIATIVAS DE I+D+I NESE ÁMBITO TAMÉN SON EXEMPLOS DA SOLIDARIEDADE DA UNIÓN**

## SUMARIO


4 **Actualidade**
A Comisión Europea abre a porta para que Galicia poida seguir beneficiándose dos fondos estruturais no período 2014-2020.

10 **Entrevista a Agustín Hernández**
O conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas incide no obxectivo de facer rendibles ao máximo as dispoñibilidades orzamentarias.

16 **Xurés-Gerês, natureza transfronteiriza**
Un paseo por un Parque Natural exemplo de cooperación e respecto polo medio e apoiado polas axudas dos fondos europeos.

22 **Burros que axudan a facer terapias**
A achega do Fondo Social Europeo fomenta a actuación da Asociación Andrea, especializada en terapia con burros para persoas desfavorecidas.

26 **Posta en valor do patrimonio histórico**
Os Fondos Feder axudan a facer rehabilitacións como as da torre do campanario da singular Igrexa de Santa María de Oia.

28 **Unha nova cultura corporativa**
O proxecto Accept propicia que expertos de Galicia e Portugal intercambien experiencias sobre Responsabilidade Social Empresarial.

30 **A competitividade da Galicia termal**
Grazas ao programa Termared, a nosa comunidade contará cun catálogo de recursos termais e terá trazados os plans a seguir no sector.

32 **Un pulo ao emprendemento feminino**
Emega é unha iniciativa que axuda a xerar emprego propio. Algunha das emprendedoras que participaron no programa repasan a súa experiencia.

36 **Novas iniciativas empresariais**
A achega dos Fondos Feder axuda a que as Cámaras de Comercio aposten polos viveiros como vía para xerar novas iniciativas empresariais.

38 **Presente e futuro do sector lácteo**
Juan Luis Fernández Martín, director xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, repasa o presente e o futuro do sector.

40 **A innovación no leite**
O Aula de Produtos Lácteos é un exemplo de utilización de cartos de fondos europeos a prol da innovación. Moitas empresas benefícianse delo.

44 **Un exame á cohesión**
Publicación íntegra do quinto informe sobre cohesión económica, social e territorial da Comisión Europea e as preguntas que se abren para melloralo.

50 **Pais e nais de Europa**
O alemán Walter Hallstein foi o primeiro presidente da Comisión Europea e un dos protagonistas da posta en marcha da idea comunitaria.



# ACTUALIDADE

## Os apoios á investigación e a innovación supoñen a cuarta parte do orzamento da Política de Cohesión da Unión Europea

O estudo "Fondos Estruturais da UE: apoio á investigación e a innovación", publicado recentemente pola Comisión Europea, divide ás rexións de Europa en sete grupos principais e analiza a importancia de varios factores como o investimento en I+D das empresas, até a formación e a educación.

O estudo resalta, tamén, a dificultade de conseguir capital risco como unha das principais barreiras para a investigación e a innovación, especialmente en vista da actual crise económica. O estudo confirma a existencia de disparidades entre países e rexións da UE no relativo a I+D e de grandes diferenzas respecto doutros países do mundo. Aclara que Europa debe ser máis inventiva, reaccionar con maior rapidez aos cambios dos mercados e as preferencias dos consumidores e pasar a ser unha sociedade cunha economía aberta á innovación. Conclúe que se require a adopción dunha formulación estratéxica común nos sectores: empresa, investigación, ensino e axentes públicos.

O informe resalta que o nivel rexional é o máis eficaz para comunicarse cos numerosos motores clave da investigación e innovación. Así pois, a Política de Cohesión debe incluír entre os seus principais cometidos a redución do déficit de innovación nas rexións europeas. Para ese efecto, os seus investimentos repártense en catro vertentes: I+D e innovación; espírito empresarial; asimilación do TIC; e desenvolvemento do capital humano.

Tamén se promove a constitución de redes para intercambiar experiencias e mellorar a capacidade de innovación, as conexións TIC e o capital humano, ou para dar un impulso innovador ás agrupacións industriais. En 2007-2013 a Política de Cohesión europea dedicará uns 86.400 millóns de euros (case o 25 por cento do total) a I+D+i, dos que 8.300 millóns serven para fomentar a iniciativa empresarial.



# A Comisión Europea abre a porta para que Galicia poida seguir beneficiándose dos fondos estruturais no período 2014-2020



A Comisión Europea vén de propoñer a modificación do sistema de repartición dos fondos estruturais para que rexións como Galicia, que xa superaron a media de riqueza que dá dereito preferente a recibilos, poidan seguir beneficiándose deses cartos no próximo período orzamentario 2014-2020. A renda galega por habitante xa está moi por riba do límite do 75% que outorga o acceso máis vantaxoso a esas axudas. Baixo ese paraugas, Galicia logrou entre 2007-2013 unha asignación de case 6.000 millóns de euros, o 17% dos investidos en España, fondos que estaría abocada a perder na nova xeira.

O previsible é que tan só Estremadura permaneza como a única rexión española entre as menos desenvolvidas da UE -rexións obxectivo da converxencia, na xerga comunitaria- a partir do 2013. Tanto Galicia como Andalucía e Castela-A Mancha, xunto a outras dezasete rexións de Alemaña, Eslovenia, Francia, Grecia, Malta, Polonia, Portugal, o Reino Unido, a República Checa e Romanía, sairían entón do furgón de cola e uniríanse ao grupo "da competitividade".

Pero segundo se deduce do Quinto Informe Sobre a Cohesión, Bruxelas propón cambiar o sistema de distribución de fondos para "suavizar" a transición dese grupo de rexións, creando unha categoría específica para elas que lles permita seguir dentro do obxectivo de converxencia a pesar de superar o listón do 75 por cento.

O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, destacou durante a súa última visita a Bruxelas que o ditame de Galicia no Comité das Rexións abre a posibilidade de lograr máis fondos de cooperación territorial no novo escenario orzamentario que se abrirá na Unión Europea a partir de 2014. Logo de pronunciar como relator a intervención "Novas perspectivas para a revisión do regulamento AECT no seo da Comisión de Política de Cohesión Territorial (COTER) do Comité das Rexións", Feijóo marcouse como obxectivo traballar nas "dúas guías que lle permitan a Galicia manter un paquete importante de fondos": por un lado, afondar en "novas posibilidades de financiamento" no ámbito da cooperación transfronteiriza e, por outro, seguir traballando para conquerir axudas transitorias que permitan unha "aterraxe suave" para compensar a previsible perda de fondos estruturais no vindeiro exercicio comunitario.

Feijóo resaltou o feito de que "Galicia sempre foi un referente de cooperación territorial" e referiuse ao seu relatorio no Comité de Rexións como unha oportunidade de poder contribuír a un debate decisivo e de reiterar o "liderado" de Galicia en materia de cooperación transfronteiriza. De feito, recordou que o último ditame que a Comunidade presentou neste mesmo contexto data de 2003, polo que de cara ao futuro marcouse como obxectivo seguir sendo "actor importante" na Unión Europea. "Non podemos permitir que trala actual crise económica se produza outra crise coa perda abrupta de fondos europeos", dixo e, por iso, recordou que ademais de tentar lograr novas vías de financiamento transfronteirizo, a Xunta seguirá traballando para paliar a perda de fondos de converxencia a través de axudas transitorias.

## Nove millóns de euros para o Programa de Desenvolvemento Rural

A modificación do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2007-2013 presentouse o pasado mes de novembro no Comité de Desenvolvemento Rural en Bruxelas, como paso previo a súa aprobación pola Comisión Europea. Esta modificación supón agregar 8.979.276 euros de fondos comunitarios adicionais ao programa, a Xunta asumirá integramente a financiamento nacional, para o que achegará 6.620.578 euros.

Estes fondos permitirán incrementar a dotación de medidas como o aumento do valor engadido dos produtos agrícolas e forestais, a reforma das infraestruturas agrarias e as indemnizacións compensatorias en zonas desfavorecidas. Aproveitando esta modificación, a Consellería do Medio Rural aumenta os fondos destinados á implantación de mellora das explotacións agrícolas.

Tamén se introducen no programa comunitario os últimos produtos de calidade diferenciada que foron obxecto de rexistro europeo: os pementos do Couto, Oímbra, Arnoia e Herbón; o Queixo Arzúa-Ulloa; a Tarta de Santiago e a Castaña de Galicia; para que tanto os inscritos como os propios consellos reguladores poidan beneficiarse das axudas do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). Por outra banda, levarase a cabo a modificación para facilitar a colaboración da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) na implantación do Plan Director de Banda Larga 2010-1013 nas zonas rurais.

O Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2007-2013 responde ao establecido polo Regulamento comunitario relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), que busca promover un desenvolvemento rural sostible en toda a Unión Europea, como complemento das políticas de apoio ao mercado e aos ingresos aplicados no marco da Política Agrícola Común (PAC), a política de cohesión e a política pesqueira común.

## Galicia sondea a posibilidade de que o Fondo Europeo de Adaptación á Globalización poida axudar a traballadores afectados pola crise




Galicia estudará a posibilidade de presentar un novo proxecto ao Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) para sectores afectados pola actual crise económica, unha iniciativa que sería similar á que xa programou a Xunta para os afectados do téxtil (Empregatex). Así o salientou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, tras a xuntanza que mantivo en Bruxelas coa directora de Seguimentos das Políticas Nacionais do Fondo Social Europeo, Viktorija Smatko. No encontro abordouse a posibilidade de solicitar esta vía de financiamento a outros sectores e avogouse polo do metal. Así, neste marco, Mato afirmou que a Xunta desenvolverá un estudo polo miúdo das posibilidades que achega o FEAG.

## Feder asume o 70% do custo da estación depuradora da Lama

O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) asumirá o 70% dos 1,1 millóns de euros de custo das obras da estación depuradora de augas residuais do Concello da Lama, en Pontevedra. A Consellería de Medio Ambiente, a través da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH), farase cargo do 30% restante.

Con estes traballos proxéctase dar un servizo de saneamento de calidade e eficaz para os veciños da Lama que na actualidade empregan fosas sépticas. Coa súa eliminación evitaranse problemas ambientais provocados por filtracións e verteduras, así como problemas de salubridade. As obras da EDAR pretenden asumir as verteduras xeradas polo crecemento da poboación, incluído o estacional, e unha vez executadas beneficiarán a máis de 1.200 habitantes do Concello.

O elemento central das actuacións que se recollen neste convenio é unha estación depuradora que se situará nunha parcela de 2.000 m² na que agora hai fosas sépticas. Contará cunha liña de auga dotada de pozo de grosos, aliviadoiro xeral e reactor biolóxico de aireación prolongada. Tamén se instalará unha liña de lodos. Esta infraestrutura contará cunha liña de auga, outra de lodos con secado térmico e recuperación de enerxía e un control de tratamento de olores. A solución base para a EDAR ten como principal característica a implantación dun reactor biolóxico con aireación prolongada con nitrificación-desnitrificación.

Tamén o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) asumirá o 70% dos 242.000 euros de custo das obras de mellora de saneamento na Barra, As Lamas, Bamio de Fondo, Cimadevila e A Silva, no concello ourensán de Coles. Estas obras teñen un prazo de execución de seis meses, polo que a previsión é que na primavera do vindeiro ano estean rematadas. E a actuación consiste na execución dunha rede de colectores, un equipo de bombeo en Bamio de Fondo, o bombeo de augas residuais dende Silva e rede de colectores na Barra e Lamas, conectada á rede existente das Quintas da Barra.

## Creativa pecha tras propiciar o intercambio transfronteirizo




A xornada de traballo Co-Creation serviu para promover en Vigo, no marco do proxecto Creativa, a participación colaborativa e intercambio de experiencias nas industrias culturais de Galicia e Portugal. A produción gráfica, o audiovisual, a música e as artes escénicas son os sectores representados neste encontro profesional, inserido no programa europeo Creativa, que vén de finalizar tras ser organizado conxuntamente pola Agadic e a Direccão Regional de Cultura do Norte de Portugal con financiamento a cargo dos fondos Feder da Unión Europea e co obxectivo de propor iniciativas conxuntas para o avance das industrias culturais na eurorrexión.

Con este fin, o programa da xornada desenvolveuse arredor de dúas partes diferenciadas, cunha sesión de mañá ideada para afondar no coñecemento mutuo entre as industrias creativas de ambos os lados da fronteira a través de dúas mesas redondas; e outra de tarde, dedicada ao establecemento de contactos directos e a celebración de xuntanzas entre as firmas e entidades participantes e a globalización.

## O Plan Urban contribuirá a restaurar unha piscina romana en Lugo



O Plan Urban contribuirá á restauración e valorización da piscina romana da Praza de Santa María en Lugo, un proxecto que lle permitirá á cidade recuperar un novo tesouro do seu pasado romano, que foi descuberto en 1960 ao realizar os traballos de pavimentación no contorno da catedral.

Segundo a arqueóloga municipal, Covadonga Carreño, a iniciativa permitirá introducir, por primeira vez, unha das xoias arqueolóxicas que ten Lugo nun espazo público. Logo da súa restauración cubrirase con vidro transparente e dotarase con iluminación. Tamén está previsto poñer cámaras de videovixianza e uns bolardos para que poidan pasar as procesións e circular vehículos de carga e descarga ademais de manter a celebración de concertos no recinto da praza.

Tras o seu descubrimento, no ano 1960, a piscina romana da praza de Santa María quedou soterrada de novo e as obras de remodelación do pavimento levadas a cabo no 2004 permitiron detectar a súa ubicación exacta. O seu estado de conservación coñécese só polas fotografías e debuxos feitos na década dos sesenta. Naquel momento selouse cunha capa de area e trasladáronse ó Museo Provincial os fragmentos de mosaico desprendidos. Os especialistas cren que a piscina, que ten 6,30 metros de longo, 2,66 de ancho e unha profundidade aproximada de 1,90, podería pertencer a un complexo termal privado. Calcúlase que se construíu na segunda metade do século IV ou no século V e que estivo en uso ata os séculos V-VI.

A piscina está soterrada nas proximidades da entrada do salón de actos de Caixa Galicia e o proxecto de recuperación supón a volta ó seu lugar dos fragmentos de mosaico que se lle retiraron e están depositados no Museo Provincial. Na restauración da piscina empregaranse materiais e técnicas tradicionais e compatibles cos materiais orixinais, baseadas sobre todo no uso da cal.

## Os cartos europeos farán posible a construción dun centro sociocultural do Viso, no concello coruñés de Carnota

O conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela, e o alcalde de Carnota, José Oreiro, asinaron un convenio de colaboración para a construción do centro sociocultural do Viso. A Consellería de Cultura e Turismo destinará un total de 990.000 euros para a execución das obras deste centro de usos múltiples, que serán sufragados polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013.

O obxectivo deste tipo de actuacións é o de proporcionar os espazos necesarios para que poidan representarse as diversas manifestacións da cultura galega nun marco digno e adecuado ás necesidades reais dos nosos tempos. Deste xeito, tanto a Consellería como o Concello de Carnota traballarán para conseguir unha implicación por parte da sociedade galega nos diferentes eventos culturais.

## O POCTEP aproba 24 proxectos presentados pola Xunta de Galicia

O Comité Territorial do Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España-Portugal 2007-2013 (POCTEP) aprobou provisionalmente 24 dos 52 proxectos presentados con participación da Xunta de Galicia, por un importe de 9,5 millóns de euros.

Este Comité reuniuse o pasado 10 de novembro en Oporto para avaliar as candidaturas presentadas na segunda convocatoria de Proxectos do POCTEP. Así, durante a reunión, presentouse información sobre o proceso de tramitación, instrución e valoración de todas as candidaturas recibidas. Ademais, presentáronse os resultados da avaliación dos proxectos de Galicia-Norte de Portugal e dos plurirexionais (de cooperación entre varias Comunidades Autónomas), aprobándose diferentes propostas para decisión do Comité de Xestión.

Das 268 candidaturas recibidas, que representan unha axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) de 317,8 millóns de euros, analizáronse un total de 84 proxectos na Área de Galicia-Norte, cun orzamento de 86,8 millóns de euros de FEDER. Ademais, hai que ter en conta, que das 46 candidaturas plurirexionais presentadas, 18 afectan tamén ao ámbito de Galicia-Norte de Portugal. No referente ao reparto de proxectos por temática foron maioría os referentes a Competitividade, Emprego, Medio Ambiente e Patrimonio, seguidos dos de Fomento da Cooperación e Integración Socio-Económica e Accesibilidades.

O obxectivo desta segunda convocatoria era o de promover a participación en accións de cooperación transfronteiriza entre España e Portugal e establecer as condicións e as bases para a obtención de axudas do FEDER en réxime de concorrencia competitiva. A axuda dispoñible e asignada é de 125,5 millóns de euros, dos que 42,4 millóns son para o fomento da competitividade e promoción do emprego e 40,3 millóns para Medio Ambiente e Patrimonio.

## Máis dun millón de euros para mellorar a variante das Neves



O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia e no Programa Operativo Cooperación Transfronteriza España-Portugal (POCTEP) 2007-2013, ofrece o 75% do financiamento preciso para as obras de mellora de seguridade vial na estrada PO- 415, no termo municipal das Neves.

O obxectivo do proxecto, que ten un orzamento superior ao millón de euros, é proceder á urbanización da estrada PO-415 e acondicionala para reforzar e mellorar a súa seguridade vial. A mellora integral desta estrada ao seu paso polo concello de As Neves mellorará substancialmente a seguridade vial da zona, posto que se levará a cabo a construción de beirarrúas e aparcadoiros en determinados puntos, cos que se resolverán as carencias deste tramo. Nestes momentos, o vial carece incluso de beiravías e os cruzamentos de estradas teñen unha visibilidade que se debe mellorar, xa que xera riscos para os peóns que son os usuarios de servizos públicos existentes na zona, tales como o colexio e a praza de abastos.

A execución das obras levarase a cabo en dúas fases. Na primeira, no treito interurbano, realizarase unha renovación integral do firme, mentres que no treito urbano, realizaranse beirarrúas. Tamén haberá unha glorieta de dous carrís, de catro metros cada un e dúas beiravías dun metro cada unha. O prazo de execución das obras será de 12 meses.

# "COAS LIMITACIÓNS ECONÓMICAS BUSCAMOS A MÁXIMA RENDIBILIDADE DE CADA EURO"

AGUSTÍN HERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

*"NO 2011 FAREMOS UNHA OPTIMIZACIÓN DA NOSA CAPACIDADE DE XESTIÓN COA CREACIÓN DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A REFORMULACIÓN DE AUGAS DE GALICIA"*

*"OS ORZAMENTOS DO VINDEIRO ANO GARANTEN A CONTINUIDADE DOS PRINCIPAIS PROGRAMAS DA CONSELLERÍA, COMO O PLAN MOVE. NO 2011 PORANSE EN MARCHA DEZ AUTOVÍAS"*

*"A CONSELLERÍA DISPÓN PARA O VINDEIRO ANO DE 103,72 MILLÓNS DE EUROS DE FONDOS FEDER DESTINADOS A INVESTIMENTOS DE CAPITAL"*

Enxeñeiro e funcionario de carreira, Agustín Hernández dirixe un dos departamentos con máis capacidade de investimento da Xunta de Galicia. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas é responsable, por exemplo, das obras públicas.

**Dirixe un dos departamentos con maior capacidade de investimento. Qué papel xoga a Unión Europea nese orzamento? Cal é o seu peso real na Consellería?**

A capacidade de investimento da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e dos entes adscritos á mesma (Augas de Galicia, Instituto Galego de Vivenda e Solo, Xestures, Sogama e APLU) elévase a 968,2 millóns de euros, xunto coa anualidade correspondente a obras encomendadas á Sociedade Pública de Investimentos (120,6 millóns de euros, un 31% máis que no 2010) e a anualidade de execución de obra extraorzamentaria, que ascende a 128 millóns de euros, un 62% máis que no presente ano.

Do total dos fondos dos que dispón a Consellería para o 2011, e destinados a investimentos de capital, 103,72 millóns de euros correspóndense con fondos procedentes do FEDER PO 2007-2013, e 0,2 millóns que se corresponden con outras iniciativas financiadas con fondos procedentes da Unión Europea.

**Este ano viuse reducido o orzamento do departamento, que implicará?**

Os orzamentos da consellería para o ano 2011 son unhas contas marcadas por unha dobre esixencia: a que se deriva dun escenario económico de forte carácter constritivo e a que responde á decisión do Goberno galego de manter a austeridade e as políticas sociais e de benestar, como prioridades da súa acción. O obxectivo da Consellería é o de facer rendibles ao máximo as dispoñibilidades orzamentarias, baixo a premisa de non deter ningunha actuación iniciada e non rescindir ningún dos contratos actualmente en vigor.

Tamén me gustaría precisar que os orzamentos que presentamos participan das limitacións económicas que son inherentes ao conxunto das administracións públicas españolas, nun contexto de crise xeneralizada, e co agravante para Galicia de ter que devolver os anticipos realizados conforme ao sistema de financiamento autonómico e a diminución da capacidade de endebedamento e dos recursos do modelo de financiamento.

Neste escenario, as contas públicas pretenden dar resposta ás necesidades máis urxentes do país en materia de ambiente, de ordenación territorial, de mobilidade e de vivenda e solo empresarial. No vindeiro ano, imos tratar de contrapoñer estas limitacións coa máxima

rendibilidade de cada euro a prol de accións produtivas que tendan a multiplicar os efectos do investimento público.

**Por exemplo?**
No exercicio de 2011 procederase a unha optimización da capacidade de xestión do departamento coa creación da Axencia Galega de Infraestruturas e coa reformulación do organismo Augas de Galicia, e procederase a adecuar un bo número de normas que van contribuír á mellora da eficacia en diferentes ámbitos, como o da Mobilidade (con iniciativas lexislativas para o transporte marítimo ou o ente público ferroviario) ou aquelas dirixidas á Vivenda (como o novo decreto para a rehabilitación no rural e nos núcleos históricos ou a nova Lei de Vivenda).

**Como se poden optimizar mellor os fondos europeos?**
A Xunta debe garantir en todo momento a "elexibilidade" dos fondos axustándose en todo momento á legalidade vixente, non só autonómica e no seu caso estatal, senón tamén ás disposicións comunitarias. Todo iso co fin de garantir o axeitado emprego dos fondos e a maior eficiencia dos recursos; e evitar as posibles consecuencias financeiras derivadas das correccións impostas pola Comisión.
A Xunta disporá dun prazo de dous anos adicionais para poder investir os fondos do Programa Operativo 2007-2013, é a chamada regra n+2. Aínda que isto non supón un aumento dos fondos do Programa Operativo.

**Cal é o futuro das estradas de pago en Galicia? Pensan pedir o traslado ao Estado das autopistas?**
A transferencia da AP-9 está no programa de Goberno e non renunciamos a que se faga xunto coa achega financeira para proceder á súa reformulación. Por outra banda, os orzamentos do vindeiro ano garanten a continuidade dos principais programas da Consellería, como o Plan MOVE. A modo de exemplo, para tres das actuacións en materia de infraestrutura viaria (Autovía da Costa da Morte, Autovía A52- Celanova e Autovía do Morrazo) destinaremos ao longo de 2011 un total de 128 millóns de euros, é dicir, un 79,2% máis que respecto do ano anterior.
O labor de priorización e de combinación de recursos orzamentarios e extraorzamentarios vai permitir que no ano 2011 estean en marcha dez autovías en toda Galicia (Curro-Vilagarcía de Arousa, Autovía da Costa da Morte, Autovía do Morrazo, Autovía do Baixo Miño, A Ramallosa-A Estrada, Terceira Rolda da Coruña, Nadela-Sarria, Brión-Noia, A-52-Celanova, e o acceso á PLISAN en Salvaterra). Son en total preto de 170 novos quilómetros cun orzamento conxunto para as dez obras de 793,2 millóns de euros. Ademais, equivale ao 94,2% dos quilómetros previstos para este tipo de vías no Plan MOVE ata o 2015 (180,2 km.)

**Como cre que se está a cumprir o Pacto do Obradoiro?**
Sendo leais ao Pacto do Obradoiro analizaremos o seu grao de cumprimento a finais de ano. Evidentemente, o Goberno galego quere que o Ministerio e o ministro de Fomento cumpra o firmado. O compromiso era licitar este ano unha serie de obras por máis de 3.000 millóns. En definitiva, se licita no ano, diremos que cumpriu, tal como o fixemos no ano 2009, E se non as licita, trasladarémoslle que non cumpriu e pediremos que así o faga e que licite as obras no prazo máis breve posible.

**Segue confiando na chegada do AVE a Galicia en 2015?**
A confianza baséase en datos. A





porcentaxe de obras licitadas ata o momento segue sendo moi baixa, de acordo co compromiso de licitación establecido para este ano no Acordo do Obradorio. Teremos que esperar a que se celebre a próxima reunión da comisión de seguimento do Acordo para que o Ministerio nos facilite datos que renoven a nosa confianza en que se cumpran os prazos e nos expliquen cal será a folla de ruta para garantir a circulación do AVE en Galicia antes do 2015.

**Como se efectuará a mellora do transporte? E a mobilidade?**

Este reto pasa por dúas propostas moi importantes, como son a implantación do novo Plan de Transporte Metropolitano de Galicia e as estacións intermodais, que están directamente ligadas á chegada da Alta Velocidade a Galicia. Na actualidade, xa está aprobado o transporte metropolitano das áreas da Coruña e de Santiago, polo que no primeiro trimestre de 2011 poderá ser unha realidade. No resto das cidades irá implantándose progresivamente: Lugo e Ferrol serán as seguintes áreas nas que se implante o novo Plan de Transporte Metropolitano.

Mentres tanto, seguiremos traballando na definición dos plans de Ourense, Pontevedra e Vigo, mantendo sempre a necesaria colaboración institucional cos concellos.

Polo que se refire ás estacións intermodais, creo que a clave do seu deseño debe ser á intermodalidade, xa que debe reflectir unha nova forma de ofrecer servizos de transporte. En efecto, a estación xa non é só un mero punto na rede ferroviaria, no que os viaxeiros acceden aos trens. A estación intermodal é un nodo principal dunha complexa rede de transportes, onde os diferentes modos de transporte que alí conflúen presentan unha oferta coherente e coordinada á cidadanía. É precisamente esta accesibilidade garantida a través dos diferentes modos (peonil, ciclista, automóbiles, autobuses, metro lixeiro, etc.), a que fai posible a expansión dos servizos ferroviarios máis alá dos límites da propia estación e mesmo dos da cidade que a alberga.

Desta forma, no correcto deseño da estación intermodal está unha das claves para difundir as vantaxes da Alta Velocidade ferroviaria no territorio. E como consecuencia non menos importante, un sistema de transportes axeitadamente desenvolvido en torno á estación intermodal contribúe a manter o equilibrio territorial, sen que a cidade medre en detrimento dos pequenos núcleos de poboación nos que non resulta viable unha parada do tren de Alta Velocidade.

En conclusión, a mellora da mobilidade en Galicia pasa por potenciar a intermodalidade, a coordinación dos horarios e servizos dos diferentes modos, ou a información ao usuario, entre outras cuestións. É, sen dúbida, un gran reto nestes momentos de dificultade económica.

**Que políticas se están a desenvolver en relación coa vivenda?**

A Xunta de Galicia está a desenvolver o seu propio plan de vivenda con actuacións que buscan facilitar o acceso dos cidadáns á vivenda, tanto en propiedade como en alugueiro, tendo en conta as necesidades específicas de cada capa da poboación e priorizando aos colectivos máis necesitados de axuda, é dicir, ás familias con menos ingresos, aos mozos e os maiores, ás familias numerosas e monoparentais con fillos, ás vítimas da violencia de xénero ou o terrorismo e outros con especiais necesidades.

Tamén se prima a rehabilitación de vivendas, tanto no medio urbano como no rural, e aquí Galicia sempre foi un paso por diante doutras comunidades autónomas con axudas como as de rehabilitación rural, que naceron a finais da década dos oitenta do século pasado, ou as de rehabilitación de vivendas en conxuntos históricos, que veñen de comezos dos noventa e son anteriores ás coñecidas áreas de rehabilitación.

Unha das pezas que integran esa política de vivenda da Xunta é o Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012, que cofinanciamos co Goberno central e no que a finais de ano se van introducir cambios que afectarán negativamente a Galicia. O Goberno, contra a opinión maioritaria das comunidades autónomas, vai eliminar algunhas axudas estatais e reducir outras practicamente á metade, o que pon en risco a pervivencia mesma da vivenda protexida. Calculamos que os cambios lle custarán a Galicia arredor de 150 millóns de euros.

**As políticas medioambientais europeas están conseguindo uns efectos positivos en Galicia? Cal é a evolución do saneamento integral do territorio?**
No actual marco de globalización, a Unión Europea asume dende fai décadas un papel de liderado mundial no deseño de políticas ambientais en ámbitos como a redución da contaminación do entorno, a loita contra o cambio climático ou o tratamento de residuos, cunha perspectiva integradora e de coordinación das políticas dos estados membros inherente ao seu carácter de entidade supranacional. O dereito comunitario é, ademais, a fonte fundamental para a incorporación ao noso ordenamento de ferramentas e procedementos de toma de decisións necesarios para o impulso e realización de ditas políticas, como poden ser a avaliación de impacto ambiental de proxectos, a avaliación ambiental de plans e programas públicos, o réxime de control de emisións de gases de efecto invernadoiro ou a autorización ambiental integrada de instalacións.
Partindo deste contexto xeral, a aplicación das políticas europeas en materia ambiental está a supoñer un evidente efecto positivo para Galicia, permitindo a integración dos aspectos ambientais na definición de proxectos, plans, programas e políticas públicas e fomentando que empresas e particulares asu-



*"XA ESTÁ APROBADO O TRANSPORTE METROPOLITANO NA CORUÑA E SANTIAGO, POLO QUE NO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2011 SERÁ REALIDADE. NO RESTO DE CIDADES IMPLANTARASE PROGRESIVAMENTE"*

*"A MELLORA DA MOBILIDADE PASA POR POTENCIAR A INTERMODALIDADE, A COORDINACIÓN DOS HORARIOS E SERVIZOS DOS DIFERENTES MODOS, OU A INFORMACIÓN AO USUARIO. É UN GRAN RETO "*

man como propia a responsabilidade de desenvolver condutas compatibles co ambiente dende unha perspectiva que, transcendendo a clásica proposta limitada á preservación duns valores naturais do entorno, pase a constituírse como un factor necesario para o benestar e o desenvolvemento da sociedade e dos cidadáns que a integran. Non obstante, é preciso realizar un esforzo continuo e sostido para adaptar estas políticas á nosa concreta realidade e garantir o seu cumprimento baixo criterios de eficiencia ambiental e económica.

**E o futuro de Sogama?**

No momento da súa implantación, Sogama constituíu un verdadeiro fito no tratamento de residuos en Galicia, como medio para obter un aproveitamento, mediante valorización, do crecente volume de residuos producidos pola nosa comunidade e reducir as necesidades de vertido que, doutro modo, terían provocado o esgotamento dos moitos vertedoiros existentes, carentes na súa meirande parte das medidas axeitadas para evitar ou corrixir os importantes impactos ambientais asociados a estas infraestruturas.

Non obstante, a plena asunción dos retos propostos pola Unión Europea en orde á priorización da reutilización, reciclaxe e valorización de residuos; a necesidade de mitigar o incremento das necesidades de consumo de materias primas non renovables; os custes enerxéticos e ambientais derivados da necesidade de transportar os residuos duns trescentos concellos de toda Galicia a unha única planta de valorización enerxética e os problemas xurdidos no complexo ambiental de Cerceda como consecuencia da xestión levada a cabo polo anterior Goberno da Xunta, esixiron ao actual Goberno levar a cabo volver a pensar nun modelo Sogama destinado a aportarlle maior eficiencia ambiental e económica e integralo nun sistema coordinado e que permitise aplicar de modo efectivo a antedita xerarquía europea de xestión de residuos.

A Xunta de Galicia levou a cabo este desenvolvemento no marco do novo Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia 2010-2020 que se atopa nos derradeiros estadios da súa tramitación. Neste contexto, o complexo de Cerceda está chamado a integrarse como unha peza clave do sistema galego de xestión de residuos, permitindo aproveitar aqueles residuos quen non poidan ter sido reutilizados, reciclados ou valorizados doutro modo, e diminuíndo as necesidades de eliminación en vertedoiro.

**Cal está a ser a resposta ao Plan de Ordenación do Litoral?**

Estamos satisfeitos. A resposta ao Plan de Ordenación do Litoral (POL) manifestouse de forma explícita a través da gran participación pública que se levou a cabo nestes últimos dous meses (dende o 30 de xullo). Polo tanto estamos satisfeitos co traballo realizado. Dito isto, e despois de recibir 3.965 alegacións, das que 1.220 (30%) son distintas; a Consellería de Medio Ambiente está no labor de análise das alegacións presentadas. Cómpre salientar que unha boa parte delas refírense a aspectos alleos ao POL. Por exemplo algunhas fan referencia ao planeamento municipal, outras fan referencia a clasificación do solo. Isto é importante subliñalo e reiteralo: o Plan de Ordenación do Litoral non clasifica solos senón que o fai cada concello a través do planeamento.

Mantemos o compromiso de aprobalo antes de que remate o presente ano, xunto coas Directrices de Ordenación do Territorio que se aprobarán primeiro. Os dous documentos fixéronse de forma coordinada e serán os instrumentos que marcarán a forma de desenvolverse; un, a nivel xeral de Galicia, e o outro a nivel de Costa.

Outro dos cometidos da Consellería de Medio Ambiente, a través da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, será continuar co traballo de difusión do Plan para que a cidadanía e as distintas administracións acaden un mellor coñecemento do mesmo. O importante agora é transmitir que este documento pretende ser un documento real, un documento que acabe sendo de todos e para todos.

**A Unión Europea ten imposto sancións como a da Ría de Vigo polo seu estado, Que se está a facer para que non volva a pasar?**

É certo que a Unión Europea abriu procedementos sancionadores, pero non se chegaron a concretar xa que se asumiu o compromiso de remediar a problemática, que en todos os casos está relacionada co saneamento. Nestes intres, a actuación máis importante a executar en relación con estes procedementos é a nova depuradora de Vigo, para a que a Xunta de Galicia xa realizou todos os pasos necesarios. Estamos pendentes de que se realice a súa licitación por parte do Estado, de acordo co convenio asinado o

día 2 de agosto deste ano.

Por outra parte, Galicia ten nas súas rías un patrimonio moi valioso, pero tamén vulnerable ás presións que somete a intensa actividade nas súas marxes. O seu saneamento é unha prioridade e pronto contaremos con instalacións de depuración para todas as súas vilas. Seguen existindo verquidos cando chove pola saturación nas redes de saneamento, e este será o punto no que imos a incidir nos próximos anos, a partir dos plans de saneamento local das rías que estamos a redactar.

**Que esixencias tería a Xunta con Europa para o desenvolvemento futuro da comunidade? Preocúpalle o que poda acontecer cos fondos máis alá do 2013? É optimista de cara a que haxa un periodo transitorio para que non caigan de golpe as axudas?**

A perda da condición de Rexión Converxencia, supón que Galicia perde gran parte dos Fondos estruturais. Isto pode supoñer unha gran merma dos recursos dispoñibles para afrontar novos investimentos a partir dese momento. Tanto a Consellería de Facenda, como a Xunta negociarán ante a Comisión o novo Marco para o próximo período, coa finalidade de garantir ao máximo os fondos a recibir pola comunidade neste período. A necesidade destes fondos ampárase en conseguir unha "aterraxe suave" de modo que as infraestruturas construídas e os proxectos desenvolvidos ao largo destes anos se manteñan e non se perda a súa eficiencia.

Dende a Xunta de Galicia reiteramos que a comunidade debe seguir recibindo fondos europeos máis alá do ano 2013 para contar cun apoio financeiro suficiente para acadar os obxectivos da Estratexia da Unión Europea 2020, posto que ás dificultades inherentes á consolidación da saída do Obxectivo Converxencia, únese a necesidade de sentar os piares dun novo modelo de crecemento.



De feito a conselleira de Facenda remitiulle hai uns días unha carta ao comisario europeo de Política Rexional, Johannes Hahn, na que entre outras cousas, lle advertía que para o grupo de rexións que se atopan na mesma situación que Galicia, unha redución drástica dos fondos recibidos ata agora implicaría danos inmediatos na economía e no emprego que non só significarían a posta en perigo de importantísimos investimentos realizados pola Unión Europea nestes territorios, senón un risco de retroceso nos avances rexistrados ata agora.

*"GALICIA DEBE SEGUIR RECIBINDO FONDOS EUROPEOS MÁIS ALÁ DO 2013 PARA CONTAR CUN APOIO FINANCEIRO SUFICIENTE PARA ACADAR OS OBXECTIVOS DA ESTRATEXIA DA UNIÓN EUROPEA 2020"*

*"SOGAMA ESTÁ CHAMADA A INTEGRARSE COMO PEZA CLAVE DO SISTEMA GALEGO DE XESTIÓN DE RESIDUOS, PERMITINDO APROVEITAR AQUELES RESIDUOS QUEN NON POIDAN TER SIDO REUTILIZADOS"*

# ONDE AS AGUIAS LEVAN GPS

**EXEMPLO DE COOPERACIÓN ENTRE DOUS PAÍSES E DE APROVEITAMENTO DE FONDOS EUROPEOS, TODO O QUE SE FAI NO XURÉS TEN SENTIDO. HABÍA ESCÉPTICOS, PERO OS FEITOS DESMENTÍRONOS PORQUE A CATALOGACIÓN COMO PARQUE NATURAL LEVOU A UNHA XESTIÓN RESPONSABLE E SUSTENTABLE CAPAZ DE SACAR LUSTRE A UNHA CONTORNA ÚNICA E TER EFECTOS BENEFICIOSOS SOBRE A ECONOMÍA LOCAL**







Cando en 1992 a Xunta de Galicia declarou parque natural as terras altas e fronteirizas da Baixa Limia e o Xurés, algúns habitantes da zona pronosticaron unha catástrofe. Anunciaron expropiacións e prohibicións e tinguiron de escepticismo un proceso no que mesmo houbo un alcalde que se negou a que a sede administrativa do Parque estivese no seu concello. "Non vou colaborar con esa reserva de indios", dixo. Hoxe os concellos da zona suspiran por formar parte do Parque Natural ou en todo caso da recentemente aprobada Reserva da Biosfera, unha distinción da Unesco que atraerá riqueza e ordenamento a unha zona singular, transición entre atlántico e mediterráneo, plena de especies de flora e fauna, onde están representadas a maior parte de aves de Galicia e a maior concentración de mámoas da comunidade. Hai toxos e madroños, igrexas visigodas e fachadas churriguerescas.

Natureza e historia, anuncia o cartel que recibe ao visitante en Lobios. Alí está o Centro de Interpretación do Parque Natural do Xurés. É a porta de entrada a máis de 20.000 hectáreas de territorio que ocupan as terras altas e a raia. Lobios, como todas as poboacións importantes da comarca non está dentro do parque, pero sí na Reserva da Biosfera. "Esa catalogación vai incrementar a chegada de investimentos con fondos da Unión Europea. Xa somos reserva transfronteiriza, pero agora galegos e portugueses temos que canalizar todo ese diñeiro en novos proxectos conxuntos. E temos experiencia" anticipa Lagido Domingos, director do Parque Natural de Peneda-Gerês, que alén da raia conforma unha unidade ambiental única. "Será importante traballar á vez. Temos rutas de sendeirismo transfronteirizas e proxectos de recuperación de aldeas, pero temos que ampliar a colaboración ao desenvolvemento de módulos de biodiversidade e promocionarnos de maneira conxunta no exterior, detalla Domingos.

**A importancia de Europa**

"En realidade se non fose polos fondos europeos todo tería sido máis lento, doutra maneira", asume Antonio Amoedo, responsable do parque galego. "A partir de 1994 cos fondos Interreg puídose montar toda a infraestrutura necesaria. Partimos de cero, pero houbo máis de mil millóns de pesetas que se destinaron a financiar obra, que era o que había que facer naquel momento". Ese diñeiro serviu para mercar e remodelar o edificio que alberga o Centro de Interpretación do Parque e as oficinas nas que traballa Amoedo, que recibe nunha espléndida galería. "Agora acabamos de pedir un Interreg, pero non sabemos cal vai ser o papel de Portugal, porque están nunha fase crítica a nivel económico", lamenta.



Portugal e Galicia van da man no Xurés e non lles vai mal. "Entramos na Carta Europea grazas a eles que xa a tiñan e agora é algo básico para nós", lembra Amoedo. A Carta Europea de Turismo Sustentable en áreas protexidas é o recoñecemento que outorga a rede de parques europeos Europarc, nada a partir dun programa Life da Unión Europea, para premiar a implantación de principios de turismo sustentable en espazos como o do Xurés, unha distinción que chegou hai ano e medio a este recuncho da provincia de Ourense coincidindo coa renovación da Q de calidade que xa tiña o parque por parte do Instituto de Calidade Turística Española.

A Carta Europea aposta por potenciar a promoción do patrimonio natural e cultural sen pór en perigo a conservación do medio ambiente e a súa fauna. Por aí van as preocupacións de xestores como Amoedo, un biólogo que agora soña con valorizar e promocionar. E nesa tesitura entra en xogo Transnatura, un proxecto europeo de dous millóns de euros, financiado ao 75% por Fondos Feder, que se iniciou en 2009 e acaba este mes. Xira sobre tres puntos de acción. En primeiro lugar a divulgación e incrementar o coñecemento externo e interno da zona e favorecer o intercambio de información, experiencias e boas prácticas; en segundo termo avanzar en materia de xestión, planificación e ordenación territorial conxunta en temas como a restauración de zonas degradadas, a mellora dos hábitats e a elaboración de programas de conservación conxuntos enfocados a especies ameazadas ou vulnerables; e por último aproveitar os recursos da comarca e mellorar as infraestruturas de uso público mediante programas de educación, sensibilización e utilización das novas tecnoloxías para a promoción do espazo natural protexido.







"Traballouse moito durante estes dous últimos anos a conta deste proxecto", recoñece Amoedo, que lembra como se fixeron traballos conxuntos de estudo de cartografía, de sistemas de información xeográfica, hidroloxía, clima, erosión ou paisaxe; que apunta como se coordinaron traballos de planificación para comparar zonas a ambos os dous lados da fronteira en canto a determinar e unificar lexislacións, permisos e restricións e que fai un balance positivo da presenza en feiras, dos cursos e a formación en común ou dos programas de recuperación de especie.

**A aguia real leva GPS**

Están pendentes da cabra, da aguia real, da vaca cachena ou os cabalos. "A cabra extinguiuse a finais do século XIX na zona. Agora hai unhas 300 entre España e Portugal. A aguia real tamén desaparecera. E agora hai seis", apunta. O furtivismo acabou co rei das aves no Xurés. En 2001 iniciouse un programa de repoboación que incluía a cría de pitos e recentemente o control a través de GPS. "Sabemos por onde andan e así soubemos que a un lle deron un tiro nun coto de Salamanca, vimos que non se movía e fomos rescatalo. Outra aguia anda agora por Gredos e a zona próxima a Madrid, por Majadahonda. Están en fase de dispersión. Logo volven", explica Amoedo.

A maxestosidade da aguia dálle á zona un encanto que se completa coas rutas e corredores verdes que se crearon no noventa e que tras abandonarse impulsáronse coa relación forxada entre os xestores dos parques a partir da colaboración. "Antes accedías ao financiamento de maneira conxunta, pero logo cada un actuaba segundo lle conviña. Agora todas as accións compleméntanse con Portugal e viceversa. Tivemos moitas reunións conxuntas e por mor da candidatura





a Reserva da Biosfera moitas máis porque houbo que preparar un documento base único e coa concesión da distinción traballase na creación de órganos técnicos e de dirección", recalca Amoedo.

Son en total 267.985 hectáreas e preto de 100.000 habitantes correspondentes a 11 concellos, seis ourensáns (Bande, Calvos de Randín, Entrimo, Lobeira, Lobios e Muíños) e cinco lusos (Arcos de Valdevez, Melgaço, Montalegre, Ponche dá Barca e Terra de Bouro), no que é a segunda reserva transfronteiriza española, tras a Intercontinental do Mediterráneo de Andalucía e Marrocos. "Un dos valores que queremos fomentar é o de non só observar a biodiversidade que temos senón tamén mostrala e explicarlla á xente", subliña Lagido Domingos.

"Non basta con conservar, é preciso mostrar", insiste. E alude á riqueza da vexetación, aos carballos e pinos, aos bosques, ríos, campos de cultivo e prados, a unha presenza humana que data do megalítico e que mostra o seu legado.

Domingos cre que o parque ademais dunha magnífica exposición da natureza, tense que converter nunha universidade de respecto e aproveitamento dos recursos naturais. "O que nos distingue é que somos un parque natural con habitantes. Xa no plan reitor dos anos noventa contemplábanse actuacións para favorecer á poboación, ás infraestruturas agrícolas ou ao regadío. Incidimos sobre a vida das persoas. Sen ir máis lonxe o territorio que ocupa o monte é mancomún, non é da Administración", detalla Antonio Amoedo.

E a xente quere que se xere riqueza. Para iso o parque é un motor importante. "O turismo crece e iso nótase nos investimentos", apunta Amoedo. Abríronse hoteis, casas rurais e hai un certo emprendemento en materia de restauración e turismo activo. Os concellos piden entrar no Parque. Acaban de facelo Bande,



Lobeira e Caldas de Ramuín e hai unha lista de espera condicionada pola xeografía. Os alcaldes ven que é unha zona de recursos e mesmo varios deles impulsaron a presentación dun proxecto para captar pola súa conta novos fondos Interreg e destinalos á apertura de máis puntos de información.

Nada semella frear ao Xurés, só a idea de que todas as actuacións sexan sustentables. A súa distancia das grandes poboacións axuda e ata o lume, polo menos na parte galega, comeza a ser respectuoso, por máis que tres cuartas partes do parque ardesen polo menos unha vez nos últimos 50 anos e a alerta sempre estea vixente. "O problema dos incendios é máis preocupante na parte portuguesa que na galega", matiza Amoedo, que desde a súa galería en Lobios quere ver un parque que avance cara a "a protección e conservación de fauna e flora, o seguimento do cambio climático e a posta en marcha de novas alternativas que beneficien á economía local".

Son expectativas que non van en contra da tradición. Chegar ao Xurés axuda a penetrar nun mundo máxico, infestado de lendas e costumes que perduran no tempo e na memoria, e que se manteñen vivas a través de xeración a xeración, nunha rica cultura popular na que o visitante se sumerxe nada máis chega aos pobos ou camiña polos sendeiros. Alí, onde no Cuaternario, fai 2.000 millóns de anos, houbo un glaciar semellante aos que hoxe poden contemplarse en Escandinavia, onde poden atoparase augas termais a 67 graos, onde voa a aguia, retoza a cabra ou pasta a vaca cachena, pequena e brava. Alí, neste pequeno tesouro que ocupa un pequeno anaco de Galicia, tamén chegou a solidariedade da Unión Europea.





O Fondo Social Europeo apoia unha terapia na que Galicia é pioneira

# CANDO O BURRO MOSTRA O QUE SABE

**SAN SALVADOR DOS PENEDOS, UNHA ALDEA ABANDONADA A CINCO QUILÓMETROS DE ALLARIZ, CULMINA O SEU REACONDICIONAMIENTO PARA RECIBIR AOS BURROS QUE COIDA A ASOCIACIÓN ANDREA, UNHA ORGANIZACIÓN PIONEIRA EN ESPAÑA NA UTILIZACIÓN DESTES ANIMAIS NA TERAPIA DE COLECTIVOS DESFAVORECIDOS**

Di David Lema, responsable da Asociación Andrea, que en Galicia descendeu de maneira significativa o número de burros, que a principios dos noventa investigadores da Universidade de Córdoba censaran en 26.098 a cabana asnal e que agora haberá menos de 5.000.

Lema lanza unha alerta e traballa para impedilo desde un colectivo sen ánimo de lucro que incide en pór o seu coidado naqueles que están en desvantaxe, nos burros, pero tamén nas persoas. E aí atopan unha singular conexión porque os animais teñen unhas características e unhas pautas de comportamento que os fan especialmente indicados para desenvolver terapias con colectivos que necesitan axuda. "Adoitamos traballar con aqueles que precisan unha rexeneración neuronal do cerebro para estimular as zonas máis primitivas do encéfalo", acouta Elsa Pérez, psicóloga de Andrea, que sostén que os animais axudan a conseguir ese obxectivo pola súa docilidade e porque axudan a traballar o sistema emocional. "A interacción afectiva prodúcese dunha forma moi sinxela porque é un animal que chama ao afecto, é colaborador e gústalle o contacto coas persoas, ten unha excelente memoria e as súas interaccións sociais son moi fáciles de percibir e con pautas de comportamento claras: se algo lle gusta, queda; se lle desgusta, vaise", explica.

Enfermos de alzhéimer, con demencia senil, discapacitados físicos e psíquicos, persoas hiperactivas ou que padecen esquizofrenia, mesmo lesionados medulares, son colectivos cara os que enfoca a súa atención a Asociación Andrea, pero toda esa bondade vai tamén en

beneficio de crear contornas onde se poidan desenvolver os aspectos psicolóxicos mais saudables das persoas. Nesa liña participaron nun programa transnacional da Unión Europea, *Youth Star*, para incidir na reinserción de mozos marxinados.

Non é a única relación con iniciativas comunitarias. O financiamento do Fondo Social Europeo fixo posible que a asociación conte cunhas novas instalacións en San Salvador dos Penedos, unha aldea deshabitada próxima a Allariz, que se acondicionou para habilitar entre outras dotacións unhas palleiras. “Soterramos o cableado, fíxose o saneamento, púxose un novo empedrado e unha iluminación en semipenumbra. Xa facemos alí varias das nosas actividades e estamos pendentes de subir quince burros para que estean alí dunha maneira sustentable”, anuncia David Lema. O FSE deulles 188.000 euros, o 70% do investimento efectuado.

*NAS INSTALACIÓNS DA ASOCIACIÓN ANDREA VEÑEN DE RECUPERAR A UNHA BURRIÑA QUE FOI RESCATADA DO RÍO MIÑO CUNHA PEDRA ATADA AO PESCOZO. AGORA BUSCAN QUEN POIDA ADOPTALA, SEMPRE BAIXO A SÚA TUTELA E COIDADO*



**Rescatados e adoptados**

En Andrea bolen as ideas. Elsa Pérez soña cun pobo no que se recuperen campos e terras para apostar pola agricultura ecolóxica, pero sobre todo con atopar unha nova tarefa para un animal que pode chegar a extinguirse. “En Galicia, burros e asnos son entrañables. É difícil terlles fobia”, asegura. Para David Lema é tamén unha maneira de dar a coñecer o que pode ofrecer o ámbito rural. El, que se considera un profesional multifuncional: ferreiro, veterinario, coidador, traballa na corte e como terapeuta, sobre todo un entusiasta que se declara feliz de compartir a súa vida cos animais. “Ía polos pobos e vía burros abandonados. Sentía moita pena. E cando empezas a convivir con eles son perigosos porque enganchan”, avisa. A Lema seducírono. Nos últimos cinco anos recolleu medio centenar de animais e fíxose cargo de moitos máis. Ao final do pasado verán chegoulle unha burriña que foi rescatada no medio do río Miño na localidade de Toén cunha pedra atada ao pescozo. Tiña rozaduras e feridas en extremidades, ventre e grupas, ademais dunha anemia. Tras dous meses e medio en Allariz xa está recuperada.

Hai ocasións nas que triunfa o despropósito, pero noutras tampouco hai medios para coidar aos animais. “En moitas ocasións os seus propietarios téñenlles agarimo, pero non poden ocuparse deles porque son persoas maiores”. Por iso teñen en marcha un programa de apoio rural para que xente interesada en adoptar burros, pero que non teñen espazo para albergalos poidan axudar no seu coidado a aquelas persoas que si o teñen, pero perderon facultades para facelo. Nesa liña propiciáronse tamén dous programas de adopción que inclúen un seguimento. “Cada tres meses imos visitalos. Moitos están en casa rurais”. A burriña rescatada en Toén busca agora quen se faga cargo dela.

Con todo, hai un perigo certo de extinción. “Si, téñeno mal”, recoñece o terapeuta, que reclama que administracións e colectivos de apoio aos animais se xunten para deseñar estratexias que salven a especie. A clave é buscarlles utilidade, non só a que ten que ver coa saúde. “En Estados Unidos atoparon unha saída pola vía do turismo verde e pode ser unha opción para aquí. En Francia estaban a pasar por unha situación similar a que atravesamos aquí e a través da axuda da Administración e o emprendemento conseguiuse estimular a presenza do burro como animal de compañía no medio rural. E aquí, en Galicia, temos moito diso”, apunta.





Non require grandes coidados, é barato de manter e da súa docilidade dan fe as persoas que pasan por Allariz e se achegan a eles. “É importante ter en conta que estamos a falar dunha terapia, non de lecer. Todo o que se fai ten un porqué”, incide a psicóloga da Asociación Andrea, que detalla como o máis complicado de conseguir é alcanzar unha conexión emocional coas persoas ás que trata. “E aí os animais axúdannos a establecela”, explica antes de referirse aos resultados. “En enfermos de alzhéimer, cando seguiron programas longos de estimulación de capacidades residuais, conseguimos frear deterioracións en aspectos como a memoria, a atención ou a orientación. Estudamos a nivel moi profundo deteminadas áreas do cerebro; con persoas autistas conseguimos chegar a comportamentos autónomos ou a espertar expresión emocional e interese”.

*MONITORES PROCEDENTES DE ESPAÑA E PORTUGAL PARTICIPARON ESTE OUTONO EN ALLARIZ NUN CURSO DE FORMACIÓN PARA APLICAR TERAPIA ASISTIDA A ENFERMOS DE ALZHÉIMER E PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA E PSÍQUICA*

*A UTILIZACIÓN TERAPÉUTICA DE BURROS ESTÁ TESTADA CIENTÍFICAMENTE POR DIVERSAS UNIVERSIDADES E HOSPITAIS EXTRANXEIROS, COMO A UNIVERSIDADE DE CALIFORNIA (UCLA) OU O MOUNT SINAI HOSPITAL DE NOVA IORQUE*



A Asociación de Familiares de Enfermos de Alzhéimer de Ourense (Afaor) converteuse o pasado ano na primeira de Galicia en pór en marcha un programa de terapia con burros para os afectados por esta enfermidade. Os resultados foron tan positivos que abriron unha liña de colaboración coa asociación que coordina David Lema. O obxectivo é facer un seguimento puntual e científico a esta experiencia que axude a cuantificar e plasmar nun estudo serio os beneficios que os propios familiares dos enfermos e os técnicos de Afaor notaron nos participantes. “Tratamos a enfermidade do esquecemento, pero os anciáns preguntábannos seguido cando ían volver a visitar aos burros”, explican.

**Formación a terapeutas**

Pioneiro en España, o centro de asinomedicación e terapia asistida da Asociación Andrea recibiu unha das máximas baremacións outorgadas pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) aos proxectos dinamizador das áreas rurais de Galicia 2008-2009, polo seu carácter de intervención innovador e integral no desenvolvemento do medio rural.

Contan ademais co respaldo de colectivos internacionais cos que traballan en rede e de universidades como a pública de Navarra e a Complutense de Madrid. Coa de Vigo organizan ciclos formativos co obxectivo de exportar a terapia e



que profesionais da educación e a saúde mental teñan os coñecementos necesarios para poder utilizala.

Así, quince monitores, procedentes doutras localidades de Galicia, Cataluña, Canarias ou Portugal, participaron durante este outono nun curso que ofreceu a asociación para aplicar terapia asistida con asnos destinada a enfermos de alzhéimer e persoas que teñen algunha discapacidade física ou psíquica.

Os monitores traballaron no achegamento ao burro das persoas que teñen discapacidade, ademais de coñecer todos os exercicios que poden facer para mellorar a psicomotricidade. “Falouse das técnicas, do proceso terapéutico, da psicomotricidade e do traballo de estimulación a nivel cerebral”, detalla Elsa Pérez. A experiencia está previsto que se repita en febreiro e marzo con novos participantes que xa poden inscribirse na páxina web da asociación.

A utilización terapéutica de burros está testada cientificamente por diversas universidades e hospitais estranxeiros, como a Universidade de California (UCLA) ou o Mount Sinai Hospital de Nova Iorque, onde se aplican equinoterapias aos pacientes que van ser operados de enfermidades que revisten gravidade, para que diminúa a súa tensión e aumente o seu optimismo. Pero en Galicia tamén os burros curan.

**Máis información**

*http://andreaasociacion.wordpress.com*









# UN ESFORZO PARA PÓR EN VALOR O NOSO PATRIMONIO CULTURAL E HISTÓRICO

**O FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER) FIXO POSIBLE A REHABILITACIÓN DA EMBLEMÁTICA TORRE DO CAMPANARIO DA IGREXA DE SANTA MARÍA DE OIA. UBICADO NUNHA CONTORNA ÚNICA, TRÁTASE DUNHA CONSTRUCIÓN DECLARADA NO SEU DÍA MONUMENTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO NO QUE SE ALBERGARÁ UN ESTABLECEMENTO HOTELEIRO QUE ESTÁ PREVISTO QUE OFREZA EMPREGO A MÁIS DE VINTE TRABALLADORES**

O patrimonio cultural constitúe a herdanza propia do pasado, aquela coa que un pobo vive hoxe e a que transmitimos ás xeracións futuras. Entre os grandes exemplos do patrimonio arquitectónico galego os máis recoñecidos son a Catedral de Santiago, a Muralla de Lugo ou a Torre de Hércules, todos eles portadores de distincións da Unión Europea. Pero non só os restos máis antigos ou os máis visitados conforman o patrimonio cultural da nosa comunidade.

Xunto a estes, atopamos numerosos cruceiros, hórreos, igrexas, mosteiros ou castelos que constitúen todos os bens e valores culturais que son expresión da identidade dun pobo, tanto como a tradición, os costumes e os hábitos. Estes elementos posúen un especial interese histórico, artístico, estético, plástico, ambiental e, en definitiva, son a testemuña do paso do tempo e da evolución galega a través da historia.

Co obxectivo de salvagardar o valor cultural, histórico, emocional ou físico do patrimonio arquitectónico, desde a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia véñense realizando múltiples intervencións cofinanciadas con Fondos Feder para a posta en valor e rehabilitación da herdanza galega. Entre as actuacións neste sentido, destaca pola súa envergadura a da recuperación e posta en valor do Mosteiro de Oia.

A diversa documentación que se conserva describe o Mosteiro de Oia como un dos grandes centros de poder da zona do Val do Miño xa no século XII. A súa influencia espallábase polo Miñor chegando incluso a gran parte do norte de Portugal, tendo en conta a importancia da ponte de Baiona que durante algún tempo estivo baixo o seu poder.

Xa naquel entón os monxes cistercenses ou monxes brancos –pola cor do seu hábito- lograron converter unha comarca improductiva e hostil nunha zona de renovada riqueza en torno ao mosteiro. Un proceso que hoxe, varios séculos despois, recobra importancia, posto que diferentes axentes económicos, políticos e sociais, decidiron apostar de novo polo mosteiro como o símbolo de maior atracción da vila arredor do cal construír un proxecto de futuro e integrador cos habitantes do municipio.

Entre os valores que se lles atribúen aos monxes de principios do milenio, os historiadores fan fincapé na dedicación á cría do gando cabalar, así como o cultivo da vide que daría lugar aos exquisitos caldos que se degustan na comarca do Val Miñor. Sería no século XX cando o Mosteiro pasa de man en man desde privadas ata propiedade pública de xeito que sofre un importante deterioro que culmina coa perda de moitas das súas pezas. Así chega ata o ano 1931 no que é declarado Ben de Interese Cultural, pertencente ao tesouro histórico artístico español.

Durante a Guerra Civil empregouse como cárcere e chegou a albergar máis de 3.000 presos. Ao final da contenda volve a mans privadas ata o ano 2000 no que o adquire o grupo La Toja co obxectivo de levantar un complexo hoteleiro, proxecto que non chega a executar. Finalmente, hai 6 anos, en 2004, o Real Mosteiro de Oia é adquirido por Vascongallega de Consignaciones e en 2005 constitúese á nova sociedade Residencial Mosteiro de Oia, actual propietaria e promotora dun proxecto turístico e residencial. Un proxecto integral baseado na rehabilitación, reforma e posta en valor do conxunto monacal e da súa contorna.

Co obxectivo de superar o carácter estacional da zona, planificouse un plan turístico completo que incluía actividades coas que aproveitar o encanto natural da zona e a convirta nun destino turístico ao longo de todo o ano. Por iso, o proxecto prevé reconverter esta xoia arquitectónica nun hotel monumento de catro estrelas que incluirá, ademais de 72 habitacións, centro de convencións e congresos, un spa de auga mariña e un residencial vencellado ao hotel. Ata o de agora, xa se teñen acometido varias intervencións urxentes  para a conservación do monumento como as que se refiren á rehabilitación da Torre do Campanario, unha actuación posible grazas ao investimento de fondos europeos.

As obras de restauración da Torre do Campanario da Igrexa de Santa María foron realizadas en dúas fases e contaron cun orzamento superior aos 300.000 euros. O plan permitiu levar a cabo a limpeza da pedra que reviste a Torre, o repaso e consolidación das fendas e fisuras, a limpeza das cornixas ou a reposición dos elementos de decoración. Deste xeito, logrouse recuperar un dos símbolos patrimoniais da localidade preservando a historia dun inmoble de grande utilidade para os veciños, visible a través das chamadas á comuñón ou como indicador horario.

Agora preténdese recuperar o horto monacal como elemento cultural e pedagóxico sobre a vida dos mosteiros medievais como cultivadores de grandes cantidades de plantas mediciñais. Completan o proxecto, a instalación dunha planta fotovoltaica, a recuperación dos antigos muíños e o aproveitamento do río Lavandeira dentro do compromiso dos propietarios co medioambiente e as enerxías renovables.

## CAPELAS, CLAUSTROS E SANTUARIOS











Os habitantes da parroquia de Ferreirous (A Fonsagrada) gozan dunha capela recén restaurada, espazo de culto relixioso e visita, grazas a unha actuación na que se investiron 78.000 euros. As obras permitiron a substitución da cuberta, a consolidación do muro da cabeceira, así como a reparación do pavimento, a renovación das carpinterías e os revestimentos dos muros, tanto do interior como do exterior. Como parte do patrimonio artístico, a actuación viuse ampliada coa restauración das pinturas murais con motivos relixiosos que envolven a capela.

Seguindo esta liña de actuación, a Consellería de Cultura e Turismo aprobou a rehabilitación do claustro dos franciscanos de Noia (A Coruña), proxecto que contou cunha achega superior aos 250.000 euros e que permitiu converter un espazo arruinado e sen uso nunha estancia de estar e de exposición. As obras consistiron na rehabilitación do claustro do antigo convento dos franciscanos que afecta a dúas pandas do mesmo. A intervención, que permitiu a recuperación formal e funcional das pandas, afectou á planta baixa e alta das dúas pandas do claustro e ás súas fachadas.

Na provincia de Ourense os fondos Feder destinados á rehabilitación do patrimonio cultural permitiron acondicionar o santuario do Santo Cristo da Ascensión de Prada na Veiga, un proxecto cun orzamento de 154.000 euros. As reformas remataron dando unha nova imaxe a un edificio visiblemente deteriorado polo paso do tempo. A obra incluíu a renovación dos pavimentos, o acondicionamento da sancristía, así como a reconstrución da cuberta ou o soterramento da acometida eléctrica.

Son exemplos de como pode estar a arquitectura patrimonial ao servizo do cidadán a través do seu mantemento e da súa posta en valor como un método de recoñecemento á historia do país.



# COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA PARA A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL

**UNHA NOVA CULTURA ÁBRESE PASO NAS EMPRESAS E CORPORACIÓNS. TEN QUE VER COA INCORPORACIÓN DE TRES VERTENTES DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE: A ECONÓMICA, A SOCIAL E A AMBIENTAL. EXPERTOS DE GALICIA E PORTUGAL INTERCAMBIARON EXPERIENCIAS NUNHA XORNADA DE TRABALLO ENMARCADA NO PROXECTO ACCEPT DE COOPERACION TRANSFRONTEIRIZA**

O mundo globalizado e a situación de crise actual condicionan o tradicional modelo de balanzo económico-financeiro das empresas, ás que xa non lles basta con iso para ofrecer garantías aos grupos de interese que os rodean nin aos mercados cuns consumidores cuxo nivel de esixencia é cada día máis elevado.

A nova formulación recolle que aquelas empresas que queiran diferenciarse das súas competidoras deberán aprender a interpretar o que lle traslada unha clientela que nas súas decisións de consumo valora algo máis que a relación calidade-prezo, que ten en conta comportamentos sociais e medioambientais. A nova orde propicia ademais unha espiral que protexe as boas prácticas e que incide na necesidade de que os traballadores desenvolvan as súas tarefas en espazos que coiden o medioambiente, que descarten a precariedade no emprego ou nos que se poida conciliar a vida laboral coa persoal para extraer así toda a súa capacidade.

É tempo de adquirir novos compromisos, de camiñar a prol dunha empresa socialmente responsable. As compañías que así o fagan e saiban comunicalo serán as máis valoradas e, por conseguinte, as máis competitivas. Conscientes desta realidade, o Goberno galego quere andar ese camiño coas empresas galegas, anque non só. A Xunta traballa no marco do Diálogo Social na elaboración do Plan Estratéxico para a responsabilidade social empresarial 2011-2014, un documento no que se recolle a formación, o coñecemento e a difusión da Responsabilidade Social Empresarial (RSE), así como o incremento do número de empresas socialmente responsables e o impulso dunha administración pública máis responsable socialmente.

O Goberno galego organizou unha xornada sobre RSE na que participaron máis dunha decena de expertos na materia e que serviu para analizar a importancia de aplicar estas medidas nas empresas galegas no actual contexto económico. A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, avanzou tamén outras medidas "que xa están en estudo" como a posta en marcha duns premios anuais de recoñecemento ás empresas



que destaquen neste ámbito, ou a creación de distintivos ou marcas que as fagan visibles. Tamén se valora a posta en funcionamento dunha oficina de apoio ao tecido empresarial para o deseño e implantación de estratexias de RSE.

Na xornada, enmarcada no proxecto ACCEPT de cooperación transfronteiriza co norte de Portugal sobre a calidade do emprego, participaron expertos como Juan de la Mota Acebo, presidente da Rede Española do Pacto Mundial de Nacións Unidas.  A día de hoxe o Pacto conta con máis de 8.000 adheridos de 130 países do mundo, 1.000 entidades en España das que 50 son firmas galegas como Inditex, “pioneiros en RSE” e pequenas e medianas empresas que reflicten, segundo o experto, “o mapa industrial da comunidade”.

O presidente estatal da rede explicou o concepto RSE referíndose a aquelas empresas que deixan de “conducir só coas luces curtas do beneficio e pasan a facelo coas curtas e as longas de responsabilidade”. De la Mota precisou que, máis alá das actividades filantrópicas, a RSE se materializa a través da xestión dos riscos da empresa, da innovación e da creación de novos procesos e produtos. Ao seu xuízo, a RSE é punto de encontro entre todos os departamentos dunha compañía e os grupos de interese da sociedade, que cobra relevancia no actual contexto de crise no que é esencial “reconstruír a confianza nas empresas e no contorno financeiro para reactivar a economía”.

“A RSE achega reputación á marca da empresa e redunda na súa competitividade, incrementa a súa valoración por parte dos mercados ao actuar no ámbito das finanzas, dos riscos e da calidade da xestión, e aumenta a motivación do traballador. En definitiva, falamos de calidade”, concluíu de la Mota, quen engadiu que a RSE “é perfectamente aplicable a calquera institución ou entidade”. O Pacto está aberto a calquera entidade ou empresa e nel atoparán un modelo de implantación orientado a grandes empresas e outro para as pemes que complementan con obradoiros formativos *online*.

A directora de Membership Services CRS Europe, Collen Fletcher, situou a implicación da RSE entre os obxectivos da Estratexia 2020, as liñas xerais en materia económica da Comisión Europea para a próxima década. Segundo dixo, “canto maior é o investimento realizado pola empresa nesta materia, máis beneficios e menos custo terá a longo prazo, polo que animou ao tecido empresarial galego a achegarse a RSE”.





# A GALICIA TERMAL QUERE SER COMPETITIVA

**EN 2011 GALICIA CONTARÁ CUN CATÁLOGO DE RECURSOS TERMAIS E TERÁ TRAZADOS OS PLANS A SEGUIR NO SECTOR DE CARA A CONVERTELO NUN DOS PIARES DO TURISMO DA COMUNIDADE. SERÁ POSIBLE GRAZAS A UN PROGRAMA DESTINADO A ACADAR UN NOVO TURISMO TERMAL DE CALIDADE E COMPETITIVO QUE DESENVOLVE XUNTO CON PORTUGAL E FRANCIA**

A auga segue constituíndo un recurso fundamental. Dos dez millóns de quilómetros cadrados existentes no planeta, só un tres por cento é auga doce e un 0,62 por cento auga subterránea. A xestión da auga mineiro medicinal e termal como recurso natural, un ben escaso e valioso, tense convertido nun reto. Numerosos expertos cren que o termalismo pode ser considerado a orixe do turismo de masas.

Galicia é tradicionalmente recoñecida pola riqueza mineiro medicinal das súas augas termais aproveitadas desde a época dos romanos, que ao descubrir os manantiais comezaron a construír as primeiras instalacións para mellorar a súa saúde, pero tamén para divertirse, relaxarse e compartir o tempo de lecer. Así, chegan ata os nosos días as termas acubilladas polo río Miño como os baños romanos de Lugo ou as piscinas de Outariz en Ourense. Moitas delas non só se conservan senón que se seguen utilizando na actualidade adaptadas aos novos tempos e sen perder as características e o encanto do pasado.

O termalismo ten sido desde a época dos romanos un elemento identificador e diferenciador das vilas termais de Galicia. É o caso ademais das localidades de Caldas e Cuntis, nas que os restos arqueolóxicos termais son moi abundantes. Tras a Idade Media, no século XVIII xorde o termalismo moderno en Galicia, que se consolida entre finais do século XIX e principios do XX, a época dourada da hidroterapia galega coa transformación dos balnearios existentes en complexas instalacións hoteleiras. Convértense en grandes centros sociais que congregaban á flor e nata da sociedade galega pasando a ser grandes dinamizadores da economía local por aquel entón.

*O PROXECTO TERMARED POTENCIARÁ UNHA OFERTA QUE CONTA NA NOSA COMUNIDADE CON PRETO DE 40 ESTABLECEMENTOS E SE ATOPA ENTRE AS MÁIS SOBRANCEIRAS DE ESPAÑA POLA DIVERSIDADE E CALIDADE DOS SEUS SERVIZOS*

O despegue experimentado polo turismo termal de talasos e spa en Galicia chega á actualidade, de modo que a súa oferta se atopa no primeiro posto dentro de España, tanto pola diversidade dos seus produtos e servizos como pola alta calidade e a profesionalidade do sector. Balnearios que combinan a variante lúdica e a terapéutica do termalismo con tratamentos baseados nas propiedades preventivas e curativas das súas augas mineiro medicinais.

A oferta de turismo de saúde e beleza en Galicia conta con preto de 40 establecementos, entre os que se atopan os balnearios, os máis numerosos, talasos e spas repartidos por toda a xeografía. Sen embargo, a pesar do potencial do turismo termal galego, cada vez resulta máis complexo atraer e manter aos usuarios do turismo, sobre



todo tendo en conta o aumento dos destinos e produtos, cada vez máis atractivos. Galicia representa máis do vinte por cento das instalacións termais de España; 2.726 prazas hoteleiras directas, 140.000 clientes (en 2009), 126 millóns de euros de facturación e 1.700 empregos directos.

É o contexto no que nace Termared, un proxecto financiado con fondos Feder e capitaneado pola Xunta que xorde como resultado dunha profunda reflexión arredor do reto competitivo que afronta o turismo de saúde no ámbito do espazo do sudoeste europeo e a oportunidade que ofrece a cooperación territorial. Así, diversos axentes que desenvolven a súa actividade en torno ao termalismo únense coa idea de constituír unha proposta orientada a impulsar e consolidar o valioso recurso natural. A rede agrupa a diferentes rexións termais de Portugal, Francia e Galicia e integra centros de investigación científica, institucións sectoriais, asociacións e empresas.

Termared pretende acadar un maior valor engadido para os produtos e servizos tradicionais derivados do termalismo. Busca ademais, presentar novas propostas en produtos alternativos en liña coas novas esixencias do mercado contribuíndo ao desenvolvemento cualitativo do sector, baixo o prisma da innovación e a diferenciación.

Baixo o pretexto das potencialidades do termalismo o proxecto redundará naqueles servizos e produtos complementarios ao sector como aloxamentos, restauración, empresas de ocio e outros axentes turísticos que o integran. Entre as accións comprendidas no plan de actuación, xa se ten desenvolvido en Mondariz o Congreso Internacional do Turismo Termal como un punto de encontro entre o sector no que abordar a súa realidade e necesidades.

Ao mesmo tempo, os membros do proxecto están a estudar as fontes e manantiais de auga mineiro medicinais de cara a editar un catálogo de recursos pertencentes ao espazo Sudoe. O proxecto completo ten un custo de 700.000 euros financiados en gran parte por fondos Feder. A duración é de 25 meses, ata marzo de 2011 cando o sector poida trazar ao amparo da Xunta a folla de ruta para os próximos anos. O Goberno galego ten definido o termalismo como “un dos principais reclamos da estratexia turística de Galicia”.

*O EXECUTIVO AUTONÓMICO TEN DEFINIDO O TERMALISMO COMO “UN DOS PRINCIPAIS RECLAMOS DA ESTRATEXIA TURÍSTICA DE GALICIA” E OS FONDOS FEDER INVISTEN NUN PROXECTO PARA ACADAR UN MAIOR VALOR ENGADIDO NO SECTOR*

Un pulo ao emprendemento

# EMEGA ESTIMULA O MERCADO LABORAL FEMININO

**O ÚLTIMO ESTUDO GEM, REFERENCIA MUNDIAL NA ESTATÍSTICA DO EMPRENDEMENTO, SITÚA ÁS MULLERES GALEGAS EN CUARTO LUGAR EN CANTO Á CREACIÓN DE EMPREGO PROPIO CON RESPECTO AO RESTO DE COMUNIDADES ESPAÑOLAS. A MULLER GALEGA GAÑA REPRESENTACIÓN NO TECIDO PRODUTIVO A TRAVÉS DE PEQUENAS EMPRESAS. O PROXECTO EMEGA, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO, É UNHA FERRAMENTA PARA AXUDALAS A EMERXER**

Marta Álvarez é unha das propietarias da Granxa Maruxa situada en Cumbraos, no concello de Monterroso. Erixida ao pé dunha centenaria carballeira e atravesada polo río Rao, a granxa ten un concepto de explotación agropecuaria completamente diferente ao tradicional galego. "Herdei a explotación de meu pai e decidín apostar polos produtos ecolóxicos como un modo de gañarme a vida", explica Marta.

O seu modelo de granxa introduce a "arte na corte" de xeito que as instalacións se atopan decoradas con pinturas e cores fortes e alegres, orixinais composicións que entrelazan o espazo de traballo e o de ocio en harmonía coa paisaxe. Lógrase así a composición dun ambiente que convida ao relax tanto das persoas como das reses en liberdade. A granxa dispón de 25 hectáreas de terreo onde as vacas pastan libremente. "Entendemos que para alcanzar a excelencia na calidade do leite é imprescindible coidar ao máximo o hábitat e a alimentación do noso gando", relata a propietaria. Así, a alimentación é cen por cen ecolóxica, sen ningún tipo de abono químico ou pesticida. A máxima dáse tamén no interior onde as reses contan con camas de area e música ambiental.

As vacas de Cumbraos reciben un trato especializado, tanto que cada unha delas conta cun padriño, algún coñecido como as artistas Alaska ou Bebe ou a actriz galega Uxía Blanco. Marta conta que unha vez apadriñan ao animal "son informados de forma periódica sobre a súa evolución e crecemento".

Unha vez conseguiron pór en marcha a granxa ecolóxica xurdiu a idea de intentar comercializar produtos propios. Nacen as Maruxas de Nata, unhas galletas resultado da perfecta fusión entre tres ingredientes: a fariña, o azucre e a nata. A fariña de trigo provén da agricultura ecolóxica, cun absoluto respecto polo medio. A súa moenda realízase en muíños de pedra, como á antiga usanza, mantendo íntegros os elementos vitais do gran. O azucre de cana, tamén ecolóxico, é cultivado de forma tradicional polo sistema de socalcos ou de barreiras naturais evitando así a erosión do chan. A nata provén do leite das vacas da





granxa “reunindo os requisitos para garantir o seu sabor”.

“Buscabamos que o sabor das Maruxas evocase ao pasado cando as nosas avoas ían xuntando día a día a tona do leite ata obter a cantidade precisa para facer as galletas”, conta Marta Álvarez quen asegura que se trata dun produto “cun importante valor engadido” con respecto a outras moitas das galletas que se poden atopar no mercado. “Cada galleta é diferente, están confeccionadas de maneira artesanal, polo que non se poden atopar dúas iguais”, engade.

As Maruxas de Nata preséntanse en caixas de 200 gramos e acadan un prezo nas tendas que oscila entre os catro e os sete euros. Poden adquirirse na tenda que abriron a principios deste ano na aldea de Cumbraos, un exemplo de arquitectura vangardista que serve de escaparate da variada produtividade artística e artesanal da Comarca da Ulloa. Dende que comezaron coa venda do produto conseguiron dalo a coñecer non só no mercado galego senón que xa o comercializan en mercados como o catalán, o madrileño ou o do País Vasco. Un produto que, por política empresarial e seguindo coa liña ecolóxica que rexe a súa actividade, decidiron non colocar nos liñais dos centros comerciais senón en tendas especializadas ou delicatessen, así como na súa propia tenda e coa visita a feiras gastronómicas das moitas que se celebran na comunidade. Unha forma de venda que compaxinan co negocio a través de internet coa posta en funcionamento dunha web cuxo resultado consideran que “está sendo altamente positivo”.



O negocio creado por Marta Álvarez xunto coas súas dúas socias é o tipo de iniciativa empresarial que conta co apoio do programa Emega, un servizo que a Xunta de Galicia presta a través da Secretaría Xeral de Igualdade e que permite, a través de importantes achegas económicas, que os proxectos como o da Granxa Maruxa saian adiante. Cando decidiron comezar coa galletería recibiron unha axuda próxima aos 20.000 euros o que, segundo Marta, “nos permitiu traballar desde o campo, cumprir o soño que tiñamos desde cativas e superar os problemas que está a vivir o sector do leite”.

O proxecto Emega nace do compromiso da comunidade e do Goberno galego na loita contra a discriminación entre mulleres e homes, concretamente no eido laboral e formativo. Deste xeito, nos seus catorce anos de vida, ten servido de apoio e estímulo ás mulleres como as que integran a Granxa Maruxa e a todas as que optaron por levar a cabo unha actividade empresarial, como medio adecuado para a súa integración laboral, con todo o sacrificio, risco e esforzo que isto implica.

Outro exemplo deste tipo atopámolo nas empresarias que deron vida a Licores Os Maios, un negocio de brebaxes artesanais posto en marcha por mulleres emprendedoras co



Concello de Leiro, en Ourense. Maica Fernández, unha das responsables do negocio conta en qué se basea a elaboración do produto. "Recompilamos as receitas no rural galego, as que conservan os nosos maiores e facemos os licores sen aditivos". Uns produtos innovadores que contan con todas as garantías de calidade e os rexistros sanitarios que se lle esixen aos destinados ao consumo.

Ademais da tradicional oferta de licores galegos, o café, a tostada, a branca ou as herbas, na licorería quixeron ir máis aló a través de elixires innovadores como o de folla de figueira, o de treixadura a partir da denominación de orixe vinícola, o de canela ou un novo de cilantro que xa están a probar. Ao igual que a granxa lucense, as mulleres que rexentan a fábrica decidiron non entrar nos circuítos comerciais senón que lle dan saída aos produtos en feiras gastronómicas, ou puntos de venda de pequenas tendas. "Non hai fin de semana que non collamos o coche e vaiamos a algunha feira a vender o licor", explica Maica Fernández quen engade que a tenda que abriron en Leiro e a páxina web "funcionan moi ben para darlle saída aos nosos produtos".




"Durante anos, elaboramos estes licores artesanais para o disfrute dun grupo reducido de familiares e amigos, que nos animaron a participar no concurso de licores caseiros que se convoca na Festa da Istoria de Ribadavia, onde obtivemos diferentes premios e decidimos probar sorte". Pouco a pouco, incorporaron o saber popular, acadando un resultado que segundo persoas catadoras, familiares e amigos, "podería ter un alto grao de aceptación no mercado, tan necesitado deste tipo de produtos artesáns". Entre o valor engadido do produto, decidiron decorar as botellas artesanalmente, pintadas a man ou repuxadas en estaño por unha das promotoras desta iniciativa. "Estamos moi contentas porque sempre innovamos e así conseguimos consolidar a marca e xa somos coñecidas en toda Galicia", destacan.

A través das súas axudas a este tipo de iniciativas o programa Emega pretende reducir as altas taxas de temporalidade e diversificar a presenza da muller por sectores de actividade e categorías profesionais ao tempo que mellora a conciliación entre a vida familiar e a laboral. Algo que valoran desde a Federación da Asociación de Mulleres Anaral, representada por Milagros Calvo, cuxo traballo se basea na axuda "para e polas mulleres da nosa zona desde todas as áreas". A asociación, da Comarca ourensá de Trives, conta con axudas para programas destinados á formación ou a atención a mulleres maiores que viven soas, entre outros. Xa son 400 as afiliadas á Federación, que pretende salvagardar os dereitos das mulleres para conseguir unha mellor calidade de vida desde o apoio ao empresariado, á formación ou á conciliación entre o traballo e a familia.

Entre as iniciativas que veñen de botar a andar atópase a Queixería Varela radicada no Concello coruñés de Santiso desde onde Minia Varela quixo innovar a partir do leite e os seus derivados. "Estaba fora e decidín volver á terra e apostar polo modo de vida dos meus pais". Ela e máis súa irmán recibiron unha achega de Emega coa que renovaron as instalacións para cumprir as esixencias de seguridade alimentaria e poder comercializar os produtos. Os queixos que elaboran enmárcanse en dúas das denominacións recoñecidas, Arzúa-Ulloa e Tetilla. A súa aposta centrouse no queixo fresco aínda que non descartan incorporar novos alimentos á súa oferta. Ao igual que os casos anteriores, optaron pola venda a través de Internet, por abrir unha tenda e polos circuítos propios.

*O PROGRAMA EMEGA PRETENDE REDUCIR AS ALTAS TAXAS DE TEMPORALIDADE NO EMPREGO FEMENINO AO TEMPO QUE MELLORAR A CONCILIACIÓN ENTRE A VIDA FAMILIAR E A LABORAL E DIVERSIFICAR A SÚA PRESENZA EN MÁIS SECTORES*

Desde o nacemento do programa Emega téñense beneficiado das súas axudas preto de 3.000 mulleres, aquelas que decidiron crear o seu posto de traballo ou contribuír a que outras o fixesen. Unhas subvencións que a maior parte das veces teñen servido para atender gastos tan importantes como os correntes, aqueles que as pequenas e medianas empresas non poden eludir desde o comezo da actividade e que, en ocasións, motivan o desenvolvemento dun negocio desde o seu nacemento. Conscientes da situación económica actual, a Xunta estuda a posibilidade de modificar a normativa reguladora que a través de convocatoria anual concede as subvencións ás empresarias "para que dispoñan de liquidez desde o inicio e non teñan que esperar a ter a empresa consolidada". Pensan incluso en anticipos que permitan atender as necesidades concretas no momento de comezar a traballar.



# AS CÁMARAS DE COMERCIO INCUBAN COS FONDOS FEDER O EMPRENDEMENTO GALEGO

**O APOIO AOS MOZOS E MOZAS EMPRESARIOS GALEGOS TENSE CONVERTIDO NUNHA PREOCUPACIÓN PARA INSTITUCIÓNS, ORGANISMOS E GOBERNOS QUE XA INCLÚEN ENTRE AS SÚAS ESTRATEXIAS DE ACTUACIÓN MEDIDAS DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO.**



Oito das nove Cámaras de Comercio que existen en Galicia decidiron apostar polos viveiros de empresas para dar acubillo a novas iniciativas empresariais que queren facerse un oco no mercado. Ofrécenlles un espazo no que traballar a custo reducido, así como asesoramento, formación e intercambio de experiencia. Na actualidade, contan con viveiros para empresas as Cámaras da Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Vilagarcía, Pontevedra, Ourense e Vigo. Ángel Colomina, o director da Fundación Incyde, encargada da xestión da rede de viveiros a nivel nacional, explica que o índice de perviviencia dos proxectos que acollen os viveiros chega ao 85%.

A Cámara Oficial de Comercio, Industria e Navegación de Santiago decidiu dar un paso máis no apoio aos novos empresarios, coa edificación dun novo espazo no que poidan desenvolver os seus oficios. Ata hoxe, polo viveiro instalado no Polígono da Costa Vella teñen pasado 64 empresas, todas elas dedicadas ao sector servizos. A partir do ano 2012 os emprendedores contarán con naves de entre 100 e 140 metros cadrados de superficie nas que comezar o seu oficio. “Dará cabida a carpinteiros, electricistas, fontaneiros, proxectos tecnolóxicos ou de I+D que precisen talleres para realizar a súa actividade”, explica a secretaria xeral da Cámara, Filomena Casal. Trátase, segundo explican, de adaptarse aos tempos e ás demandas dun mercado cada vez máis especializado.

A ampliación do actual viveiro será posible grazas a unha achega dos fondos Feder que financiarán o proxecto nun 70%. Virá a completar a actual oferta na que os mozos empresarios poden beneficiarse do viveiro físico ou tamén facelo de xeito virtual se non precisan dun lugar concreto para desenvolver o seu traballo, pero sí dunha estrutura loxística ou do uso de servizos como o de salas de reunións, asesoramento ou actividades formativas.

Os viveiros caracterízanse por prestar unha serie de servizos aos empresarios que lles permitan saír adiante desde a posta en marcha da súa actividade, ben sexan autónomos ou empresas. Así, teñen invertido a pirámide do fracaso empresarial de xeito que as firmas acadan un índice de éxito e superviviencia do 80% fronte ás sete de cada dez iniciativas que nacen á marxe das Cámaras e desaparecen ou teñen problemas logo de catro anos desde a súa constitución. Así, os viveiros teñen contribuído a mellorar a súa competitividade e favorecer a súa consolidación no mercado antes de comezar a andaina en solitario, unha vez rematan o prazo establecido polas Cámaras para permanecer nas súas instalacións.

**Casos de éxito**

Os integrantes da empresa On-Touch instalada no viveiro compostelán valoran a achega dos fondos europeos “no desenvolvemento dos produtos clave”. O seu director de comunicación, Carlos Chavez, explica que coas axudas “puidemos levar a cabo unha investigación ao alcance de moi poucos en España traballando con xente recoñecida no sector das telecomunicación como Gradiant ou a Universidade de Vigo”. Entre os proxectos de éxito nos que obtiveron axuda, atópase a creación dunha plataforma de publicidade personalizada e interactiva mediante o proceso avanzado da imaxe. Trátase dunha iniciativa que permite adaptar a publicidade a grupos de poboación, o que se traduce nunha publicidade máis efectiva e útil para o consumidor e para o emisor. O proxecto facer estatísticas das persoas que miran unha pantalla ou un escaparate.

Entre as empresas que xa camiñan soas está o caso de Bit Oceans cuxos primeiros pasos foron na Cámara de Comercio de Vigo. A día de hoxe traballan nun proxecto europeo xunto con socios galegos e internacionais baseado na detección da falsidade documental a través de tecnoloxías avanzadas. Unha iniciativa para a que a empresa acadou axuda europea e lles permitiu traballar con numerosas empresas tecnolóxicas a nivel nacional, de xeito que son numerosos os organismos e institucións que apostan por eles. Consideran os fondos Feder “altamente interesantes para financiar produtos tecnolóxicos e proxectos de I+D”.

A Comisión garante que escoitará ao sector lácteo

# UNHA NOVA ORIENTACIÓN NA POLÍTICA AGRARIA CONTINENTAL

**DESDE HAI ANOS O SECTOR LÁCTEO GALEGO TEN AMOSADO A SÚA PREOCUPACIÓN POLO CESAMENTO DO ACTUAL SISTEMA DE COTAS CREADO AO AMPARO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN (PAC) E CUXO FINAL ESTÁ PREVISTO PARA O ANO 2015, CONCRETAMENTE PARA O 31 DE MARZO.**

**OS PRINCIPAIS PRODUTORES E INDUSTRIAS DE ESPAÑA E LATINOAMÉRICA XUNTÁRONSE EN LUGO NO MARCO DA ASEMBLEA DA FEDERACIÓN DE LEITERÍAS PANAMERICANAS E RECIBIRON A VISITA DE JUAN LUIS FERNÁNDEZ MARTÍN, DIRECTOR XERAL DE AGRICULTURA E DESENVOLVEMENTO RURAL DA COMISIÓN EUROPEA, QUEN REPASOU CON ELES O PRESENTE E O FUTURO DO SECTOR**

A finais do mes de outubro tivo lugar en Lugo a 18º Asemblea da Federación de Leiterías Panamericanas (FEPALE) cuxa xuntanza se desenvolveu por vez primeira nun país europeo. No marco do encontro, no que expertos e empresarios do sector lácteo de España e de América Latina debateron sobre o futuro do sector e as posibilidades de negocio entre ambos os territorios, tivo unha intervención o director xeral de Agricultura e Desenvolvemento Rural da Comisión Europea, Juan Luis Fernández Martín quen botou luz sobre o futuro do sector e a incidencia da fin da cota para os gandeiros e produtores de leite en Europa.

Na súa opinión, o cesamento da cota láctea "non vai traer consigo ningún problema, posto que cada vez está a xogar un papel máis importante". "Conseguimos que no ano 2015 o valor da cota sexa nulo porque facilitamos a capacidade para producir e o mecanismo deixou de ter valor", expuxo.

Fernández Martín avanzou que a Comisión Europea traballa xa na nova orientación política agrícola para o período 2012-2020 cuxos primeiros resultados se darán a coñecer en breve. Así, expuxo que os gandeiros seguirán a ter axudas directas a través da renda aos produtores tal e como se fixo no ano 2003 cando a PAC foi reformada e se decidiu deixar de primar os produtos. "Naquel momento mellorouse o mecanismo de axuda ao desenvolvemento rural e as axudas ao campo pasaron a ter un carácter máis estrutural co obxectivo de manter á xente no territorio", explicou.

Tras a revisión da PAC en 2008 a Comisión Europea decidiu facer o "chequeo médico" da situación do



sector lácteo e tomou decisións como aumentar a cota nun 1% de 2009 a 2013 ou a eliminación da axuda á manteiga para xeados e repostería industrial, entre outras medidas. Pero será en decembro deste ano cando a Comisión Europea sente de novo e analice a evolución cara a desaparición das cotas e os novos modelos de xestión de axudas ante posibles contextos de crise, medidas que xa viven os seus inicios.

Fernández lembrou que no ano 2009 a Comisión creou un grupo de expertos de alto nivel sobre o sector lácteo que durante doce meses analizou o estado da produción e os produtores de cara a acadar medidas para garantir a continuidade das explotacións nas mellores condicións posibles. Un grupo no que estaban representados os produtores, a industria, o comercio e ata o propio consumidor e no que "se estudaron todos os elementos presentes no mercado lácteo para ver a necesidade de intervir e asegurar a evolución cara a non cota", indicou Fernández.

Foi tras o debate cando a Comisión decidiu trasladar as propostas en forma de iniciativas lexislativas, actualmente en fase de discusión e redacción, e que versarán sobre as relacións contraturais, a capacidade de negociación dos produtores, as organizacións interprofesionais e a transparencia. As recomendacións do grupo de expertos veñen a avalar o proxecto de decreto no que xa traballa o Goberno do Estado en relación coa creación de contratos homologados que fixen o prezo do leite na entrega, o volume de produción que deba entregarse, a coordinación de entregas do produto durante a campaña leiteira, así como a duración do acordo.

Sobre a capacidade de negociación dos produtores, Fernández trasladou a proposta da Comisión de fixar un límite cuantitativo para os contratos que "en ningún caso atente contra os principios da competencia", de forma que poida aumentar a capacidade de negociación dos vendedores. Para que o sector se mova dentro da transparencia e os procesos resulten accesibles para todos, o director xeral avanzou que a Comisión vai propor "a creación dun comité consultivo no que o sector estea representado" e desde o que trasladar toda a información.

O grupo de expertos levou a cabo ademais recomendacións en relación cos instrumentos de xestión de mercados, normas de comercialización e etiquetado ou a competitividade do sector, aspectos que ten previsto analizar nun apartado específico sobre calidade.

**O desafío da I+D+i**

Juan Luis Fernández alertou na súa intervención sobre o descenso do espazo dedicado a prado en Galicia. "Se reducen as praderías os custos de produción serán maiores", expuxo, ao tempo que animou aos produtores a apostar "pola investigación e a innovación" como eixos estratéxicos "para que o sector poida desenvolverse despois de 2013". Neste sentido, mantivo que desde a PAC se manterá a axuda ás explotacións gandeiras cunha rede de seguridade "que permita actuar nunha situación de crise" como aconteceu en 2009, "ano no que caeron os prezos no mercado mundial mentres os comunitarios se mantiñan". "Os mecanismos tomados pola política común actuaron como rede de seguridade", expuxo. Para acadar a permanencia do sector, dende a Comisión piden continuar o proceso de reforma da PAC cara a un sistema máis eficaz e eficiente que abranga os novos desafíos como o cambio climático ou a



bioenerxía. "Acompañando a estas medidas, deben existir explotacións viables que respondan á demanda do mercado", concluíu. Un aspecto co que coincidiron os asistentes á asemblea da FEPALE, quen fixaron na I+D+i o gran reto dun sector que ano tras ano ve como o número de explotacións diminúe.

*LUGO ACOLLEU A FINAIS DO MES DE OUTUBRO AOS PRINCIPAIS PRODUTORES NACIONAIS E LATINOAMERICANOS DO SECTOR LÁCTEO. TODOS COINCIDIRON EN FACER UNHA APOSTA POLA INNOVACIÓN*



# A AULA DE PRODUTOS LÁCTEOS LEVA A INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE Á EMPRESA

**HAI XA TEMPO QUE A UNIVERSIDADE ENTENDEU QUE NON PODE SER ALLEA Á REALIDADE DAS EMPRESAS, QUE O COÑECEMENTO DAS AULAS E DOS SEUS INVESTIGADORES DEBE TRANSFERIRSE E PORSE AO SERVIZO DA SOCIEDADE. DESDE O CAMPUS DE LUGO, A AULA DE PRODUTOS LÁCTEOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA TEN A FORZA DOS PIONEIROS, DOS QUE SOUBERON VER EN EUROPA UNHA OPORTUNIDADE PARA MEDRAR**



Na Aula de Produtos Lácteos souberon ver en Europa unha oportunidade para medrar e optar a proxectos de I+D+i. Ademais, o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) destinou no seu día 9,7 millóns de euros para a construción e equipamento científico-tecnolóxico das novas instalacións da aula na cidade amurallada e agora tamén colabora para erguer unhas novas instalacións.

A Aula naceu en Lugo da man das titulacións vinculadas coa contorna agraria. Debido á escasa infraestrutura inicial centrouse na formación continua de profesionais do sector para, unha vez desenvolvido o centro existente hoxe no Recinto Feiral de Lugo, colaborar nas necesidades detectadas na industria láctea co fin de mellorar os ingresos xerados. Así, traballaron con boa parte das compañías españolas de xeito que participaron no nacemento de numerosos produtos innovadores que existen no mercado como o leite enriquecido, os compoñentes para a elaboración de novas horchatas ou o primeiro leite de ovella do mercado internacional. "Cedi-



mos o noso coñecemento ás necesidades empresariais”, puntualiza Juan Méndez Dónega, o seu responsable, que ademais achega cal é a clave para logralo: “Sacrificar as teses doutorais por produtos nos liñais dos supermercados”
.

Hai xa anos que Méndez ten unha percepción do traballo investigador que no seu día espertou receos na contorna académica. O tempo mostrou que ía polo camiño correcto.

